



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN  
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 6 DE NOVEMBRO DE 2020**

No día de hoxe, ás 10:02 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** José Luis García López

**ASISTEN:**

Miguel Angel Vallo Camba

M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Jesús Gómez Camino

Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucía López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

**AUSENCIAS:**M<sup>a</sup> del Carmen Fuentes Rios

**SECRETARIA:** Rebeca Vázquez Vázquez

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

INTERVENTORA: Gema Leal Insua

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

### 1. RATIFICACIÓN URXENCIA SESIÓN.

Antes de pasar a ler a proposta de ratificación da urxencia a secretaria informa, que esta ratificación necesita os votos da maioría simple

De seguido, a secretaria pasa a ler a proposta de ratificación urxencia desta sesión, asinada polo alcalde de data 04/11/2020, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o artigo 79 do RD 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais que establece:

#### Artículo 79

Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas por el Alcalde o Presidente cuando la urxencia del asunto a tratar no permite convocar la sesión extraordinaria con la antelación mínima de dos días hábiles exigida por la [Ley 7/1985, de 2 de abril](#).

En este caso debe incluírse como primeiro punto del orden del día el pronunciamiento del pleno sobre la urxencia. Si ésta no resulta apreciada por el Pleno, se levantará acto seguido la sesión.

Vista a orde do día prevista do Pleno a celebrar

#### 1. Ratificación urxencia sesión.

**2. Proposición suspensión aplicación ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos.**

**3. Proposición modificación ordenanza da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas.**

**Considerando que os puntos 2 e 3 de dita orde do día obedecen a razóns de urxencia para que as modificacións previstas de ordenanzas fiscais que son :**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

b) Urxencia na modificación do artigo 6 ( cadro de tarifas ) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas solicitada pola empresa Viaqua SA con porcentaxe de variación do IPC interanual de setembro de 2019 a setembro de 2020 ( -0,4%)

a) Urxencia na modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras tribunal taboados e outros elemento análogos para modificación da Disposición transitoria para mantemento da suspensión de aplicación da ordenanza no ano 2021 nos termos plantexados na correspondente proposición .

**Urxencia motivada en que visto o procedemento de tramitación da modificación das ordenanzas fiscais regulado no artigo 17 do TRLRFL e que conforme o artigo 26.2 desta mesma norma o devengo das taxas de devengo periódico salvo nos casos de inicio ou cese no uso do servizo ten lugar a 1 de xaneiro sendo necesario antes da aprobación definitiva das modificacións pretendidas exposición ao público do expediente durante o prazo de 30 días hábiles para que os interesados poidan presentar as reclamación ou alegacións que consideren oportunas , entrando en vigor as modificacións o mesmo día da publicación no BOP , queda acreditada a urxencia desta sesión para que os veciños de Arzúa no ano 2021 se beneficien dunha redución do importe das taxas non sendo posible a tramitación previa destes expedientes con anterioridade pola distribución do escrito de Viaqua o departamento competente o 26/10/2020 e pola publicación no BOE de 25/10/2020 n.º 282 do Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, que declara un novo estado de alarma para contención da propagación de infeccións causadas polo SARS COV-2 afectando o normal funcionamento de establementos con terrazas na vía pública .**

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE** :

**UNICO. Ratificar a urxencia desta sesión do pleno extraordinario urxente ."**

O Sr. Rivadulla Varela (do PP) pregunta: Que para a semana que ven cre que vai haber un pleno extraordinario,¿non poderían estes puntos esperar a ser tratados no devandito pleno ou se pasábase de data?

Contesta a secretaria: Na proposta de ratificación da urxencia, xa se xustifica a mesma.

O alcalde somete a votación ordinaria este punto, ratificándose por unanimidade dos 12



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

membros presentes a urxencia desta sesión do pleno extraordinaria urxente.

### **2.PROPOSICIÓN SUSPENSIÓN APLICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS.**

Coñecido por todos o contido da proposta do alcalde, o cal é o seguinte:

“PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS .

En anterior acordo adoptado en Pleno acordouse a suspensión da aplicación da dita ordenanza no exercicio 2020, motivado na aplicación de normativa que determinara durante empo a suspensión da dita actividade e posteriormente a limitación do aforo e horario para o exercicio da actividade hostelera, aos efectos de controlar a crisis sanitaria derivada da pandemia.

Vistos o informe emitido pola Interventora e Secretaria Municipal no anterior expediente, ao que se remite en materia de descripción do procedemento de tramitación, e incorporado informe da interventora e secretaria municipal de urxencia, a petición verbal desta alcaldía , no que remiten ao informe elaborado anteriormente e deixan constancia ( a interventora) de que o importe dos ingresos percibidos en exercicios anteriores por dita taxa non eran demasiado relevantes, e insta a regularizar a situación da ocupación do dominio público cos ditos elementos, de xeito que se adecúe ao establecido na regulación municipal ( Secretaría e Intervención).

Tendo en conta ademáis a situación de vulnerabilidade de todos os negocios adicados a hostelería e recaudación, polos efectos que a crisis sanitaria ven de provocar nos seus ingresos e que se están prolongando máis tempo do inicialmente previsto, e sendo necesario tramitar o expediente con urxencia, para a que a dita modificación poida entrar en vigor no exercicio 2021.

#### **FORMULO A SEGUINTE PROPOSTA:**

- **PRIMEIRO.-** Dar por motivada a urxencia e proceder a inclusión na orde do día da proposición de modificación da ordenanza, polas razóns indicadas na parte expositiva.
- **SEGUNDO.-** Suspender a aplicación da ordenanza fiscal durante todo o ano 2021
- **TERCEIRO.-**Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincina e no tableiro de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

- **CUARTO** .- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- **QUINTO**.- Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.

### ANEXO

#### BORRADOR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS

- ARTIGO 1.º.-FUNDAMENTO E OBXECTO.
- ARTIGO 2.º.-FEITO IMPOÑIBLE.
- ARTIGO 3.º.-SUXEITOS PASIVOS E OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
- ARTIGO 4.º.-BENEFICIOS FISCAIS.
- ARTIGO 5.º.-OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
- ARTIGO 6.º.-BASE IMPOÑIBLE.
- ARTIGO 7.º.-TARIFAS.
- ARTIGO 8.º.-PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA.
- ARTIGO 9.º.-NORMAS DE XESTIÓN.
- ARTIGO 10.º.-INGRESO
- ARTIGO 11.º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.
- DISPOSICIÓN DERROGATORIA.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA.
- DISPOSICIÓN FINAL.

#### ARTIGO 1.º.-FUNDAMENTO E OBXECTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

artigo 57 do citado R.D. Lex. 2/2004.

### ARTIGO 2.º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa as ocupacións de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, parasoles, felpudos, tribunas, taboados e outros elementos análogos.

### ARTIGO 3.º.-SUXEITOS PASIVOS E OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, en relación a algún dos supostos citados no feito imponible.

### ARTIGO 4.º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Non se aplicarán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

### ARTIGO 5.º.-OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as autorizacións e se beneficien ou realicen os aproveitamentos.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

### ARTIGO 6.º.-BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar o importe da cota tributaria o número de metros cadrados de vía pública delimitada polas mesas, cadeiras e demais elementos instalados.

### ARTIGO 7.º.-TARIFAS.

Establécense as seguintes:

7.1.-Para a ocupación da vía pública nas rúas Avda. de Lugo, Rúa Santiago e praza de Galiza: por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, voadores, paraventos, macetas, parasoles, tribunas, taboados e outros elementos análogos, ao mes 2,10 €/m2.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono: 981 50 00 00

7.2.–Para os supostos de ocupación da vía pública no resto de rúas e prazas do municipio: por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, voadores, cadeiras, paraventos, macetas, parasoles, tribunas, taboados e outros elementos análogos, ao mes 1,80 €/m2.

7.3.–Para a aplicación deste artigo terase en conta o seguinte:

- a) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.
- b) Os aproveitamentos poden ser anuais ou mensuais, segundo que a autorización sexa polo ano natural ou unha parte deste, respectivamente. Neste último caso, a efectos do cálculo da taxa tomarase en consideración un número enteiro de meses, redondeándose por exceso, sen que en ningún caso proceda prorrateo da taxa.

### ARTIGO 8.º.–PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA.

1. No caso de ocupacións permanentes, o período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, caso no que abarcará dende a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.
- 2.–Nos casos de autorización de temporada o período impositivo iniciase o 1 de marzo e finaliza o 31 de outubro.
3. A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano nos supostos de autorización anual e o 1 de marzo nos casos de autorización de temporada, e as cotas serán irreducibles agás cando nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a data de inicio non coincida coa data do devengo, de tal xeito que neste caso as cotas calcularáanse proporcionalmente ao número de meses enteiros naturais, incluíndo o mes da data de autorización.
4. No caso de cese na utilización privativa as cotas non serán prorrateables e non procederá a anulación de liquidación da taxa por este concepto.

### ARTIGO 9.º.–NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.–Cando se conceda a autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta ordenanza, dictarase resolución aprobatoria da liquidación en concepto de taxa por ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos.
- 2.–Para os supostos de autorizacións anuais periódicas, a taxa xestionarase mediante padrón tramitado anualmente polos servizos económicos do Concello e comprenderá a relación de suxeitos pasivos e cotas tributarias.

### ARTIGO 10.º.–INGRESO

O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- a) Nas liquidacións de contraído previo, nas entidades financeiras onde establecese o Concello na notificación da liquidación efectuada.
- b) Nas liquidacións por recibo ou censo, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edito de exposición pública do censo.

### ARTIGO 11.º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que fora aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 29 de outubro do 2003.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Suspéndese a aplicación desta ordenanza Fiscal tras a aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, regulada na Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma, e durante todo o exercicio 2021.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de once artigos, unha disposición derogatoria, unha disposición transitoria e unha disposición final, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o día 12 de maio do 2012, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2013 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación, aínda que se suspenderá a súa aplicación conforme se determina na súa disposición transitoria.”

Informa a secretaria que en primeiro lugar, procede votar a urxencia de tratar agora dita proposición, que está sen ditaminar en comisión informativa.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este punto, que por unanimidade de todos os membros presentes, douse por motivada a urxencia.

Deseguido interveñen:

\*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar, que é de recibo tomar esta medida debido ao que está caendo, un dos sectores mais prexudicados é a hostelería.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono: 981 50 00 00

\*A Sra. López Sobrado (do BNG) manifesta:

-Que o seu grupo dálle o voto favorable a esta proposta, entre outras cousas, porque dende que comenzou a pandemia veñen manifestando no Pleno e aínda o comentaron no Pleno do pasado xoves.

-Que cre necesario este tipo de xestos pola situación que hai, o futuro é incerto e é probable que nos vindeiros meses a situación se poña mais complicada para moitos sectores.

-Que o sector da hostelería e restauración é un sector que ten un peso moi importante en Arzúa, aínda que nos pareza pouca cousa son xestos que serven para aliviar a situación delicada pola que están pasando.

-Que lle gustaría comentar algunhas cuestións que aparecen nos informes ao respecto desta promoción de expedientes de inspección a que se fai referencia, que como todos saben hai unha situación que se arrastra dende hai moitos anos co tema das terrazas da falta de regulación de moitas delas, entenden que se teñen que ir tomando medidas neste aspecto e intentar regularizar esta situación, pero tamén non cren que sexa o momento mais propicio para recibir unha comunicación coercitiva ou sancionadora, no caso de que teña que ser así, pedir que se se inician eses expedientes de inspección que sexan a xeito informativo para ir correxindo o tema pouco a pouco e agardando a que situación mellore para poder facelo como a normativa indica.

\*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica:

- Que este tema xa saíra no mes de abril na Comisión do Covid, na cal se quedara de facer propostas de cara o tema de taxas e impostos e ésta era unha das propostas que tiñan en relación o ano 2020 non ao ano 2021, pero tal como apunta todo para o ano que ven, ten a súa lóxica estendelo o ano 2021.

-Que no seu día preguntara como se ía facer para levar a cabo esa regularización da situación das terrazas, entende que ao mellor ata o ano 2021-2022 non se toma ningunha decisión.

-Que como comentaron no ano 2017, que se presentaron uns cantos expedientes para legalizar esas terrazas, que no informe cre que mencionan que hai unhas poucas terrazas que están sen legalizar, polo que lle consta ao PP só había tres no núcleo urbano que tiveran licenza e o resto estaban aínda pendentes as cales tiñan o expediente presentado pero non se lle dera continuidade, e non se sabe se hai algunha proposta cara este ano para legalizar iso.

\* O Sr. alcalde indica:

- Este ano fixéselles chegar aos hosteleiros, a través da policía local que sería



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

beneficioso para eles ir legalizando as terrazas, mais que nada por temas de control de garda civil que estan controlando o número de xente que había nas terrazas.

- A ordenanza está ahí e haberá que mirar se é necesario retocala ou non, pero agora mesmo non é o momento de poñerse moi duro con ese tema.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , 3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do BNG ), o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Suspender a aplicación da ordenanza fiscal durante todo o ano 2021

**SEGUNDO.-**Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO .-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.-** Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.

### **3.-PROPOSICIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMEDIDAS.**

Cofeido por todos o contido da proposta do alcalde, o cal é o seguinte:

“Vista a solicitude de actualización do importe das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas que efectuou a empresa



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

VIAQUA SA con data 14/10/2020 e número de rexistro de entrada 202099900000653.

Vista a providencia de alcaldía na que se propón a actualización do importe das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de agua e conservación de contadores e acometidas para o exercicio 2021, actualizándose na porcentaxe de variación do IPC interanual de setembro de 2019 a setembro de 2020 (-0,4%).

No artigo 79 do ROF establécese o seguinte;

*“Son sesións extraordinarias urgentes as convocadas por el Alcalde o Presidente cuando la urgencia del asunto a tratar no permite convocar la sesión extraordinaria con la antelación mínima de dos días hábiles exigida por la Ley 7/1985, de 2 de abril.*

*En este caso debe incluirse como primer punto del orden del día el pronunciamiento del pleno sobre la urgencia. Si ésta no resulta apreciada por el Pleno, se levantará acto seguido la sesión”.*

No artigo 82 do ROF establécese o seguinte;

*“2. En el orden del día sólo pueden incluirse los asuntos que hayan sido previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta de la Comisión Informativa que corresponda.*

*3. El Alcalde o Presidente, por razones de urgencia debidamente motivada, podrá incluir en el orden del día, a iniciativa propia o propuesta de alguno de los portavoces, asuntos que no hayan sido previamente informados por la respectiva Comisión Informativa, pero en este supuesto no podrá adoptarse acuerdo alguno sobre estos asuntos sin que el Pleno ratifique su inclusión en el orden del día.*

No artigo 97.2 do dita norma regúlase ;

*“Proposición, es la propuesta que se somete al Pleno relativa a un asunto incluido en el orden del día, que acompaña a la convocatoria, en virtud de lo dispuesto en el artículo 82.3 de este Reglamento. Contendrá una parte expositiva o justificación y un acuerdo, asimismo, a adoptar. No procederá entrar a debatir ni votar una proposición sin que previamente se haya ratificado, de acuerdo con lo dispuesto en el referido artículo 82.3, la inclusión del asunto en el orden del día. “*

Igualmente no artigo 126 establécese o seguinte;

### **“Artículo 126**

**1. Los dictámenes de las Comisiones informativas tienen carácter preceptivo y no vinculante.**



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

*2. En supostos de urgencia, el Pleno o la Comisión de Gobierno podrá adoptar acuerdos sobre asuntos no dictaminados por la correspondiente Comisión Informativa, pero, en estos casos, del acuerdo adoptado deberá darse cuenta a la Comisión Informativa en la primera sesión que se celebre. A propuesta de cualquiera de los miembros de la Comisión Informativa, el asunto deberá ser incluido en el orden del día del siguiente Pleno con objeto de que éste delibere sobre la urgencia acordada, en ejercicio de sus atribuciones de control y fiscalización”*

Xustificase a urxencia da convocatoria do Pleno, así como da inclusión na orde do día dun asunto que non conta con previo ditame, en que visto o procedemento de tramitación da modificación das ordenanzas fiscais, e tendo en conta que segundo se establece no artigo 26.2 do TRLFL, o devengo das taxas de devengo periódico, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, o dito devengo terá lugar o 1 de xaneiro, polo tanto é necesario que a modificación da ordenanza que se propón, entre en vigor nesa data, e tendo en conta que o procedemento de tramitación, determina que previamente a aprobación definitiva deberá expoñerse ao público o expediente durante o prazo de 30 días hábiles, para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas e que a mesma entrará en vigor o mesmo día da publicación da mesma no BOP da provincia, resulta necesario tramitar o expediente deste xeito para garantir que poidamos publicar en data. A non declaración da urxencia e inclusión do asunto na orden do día, impediría que os nosos veciños se beneficiaran dunha redución do importe das taxas, que se lles aplica pola prestación do servizo de abastecemento de auga, non sendo posible tramitar o expediente con anterioridade, toda vez a publicación polo INE dos datos de variación do IPC, non se publicana ata xa entrado o mes de outubro.

Tendo en conta a data de distribución aos servizos económicos do escrito presentado pola empresa concesionaria, non foi posible incluílo na orde do día do Pleno ordinario.

Visto o informe de secretaría e intervención no que se analiza a normativa de aplicación, no que se da conta das limitacións de información, por falta de coñecemento do expediente de contratación completo, e no que se advirte da necesidade de adaptar a regulación das contraprestacións económicas a percibir polos usuarios do dito servizo á natureza xurídica que se establece na disposición adicional cuadraxésimo terceira; “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución “.

Esta alcaldía-presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Dar por motivada a urxencia e proceder a inclusión na orde do día da proposta de modificación da ordenanza, polas razóns indicadas na parte expositiva.

**Segundo.** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal municipal

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas coa seguinte desagregación:

Modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal (modificación do cadro de tarifas):

<b>TIPO SUMINISTRO</b>	<b>€/m<sup>3</sup></b>
<b>DOMESTICOS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 10 m <sup>3</sup> /mes	0,4747
De 11 a 15 m <sup>3</sup> /mes	0,6644
Más de 15 m <sup>3</sup> /mes	0,9198
<b>INDUSTRIAIS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 50 m <sup>3</sup> /mes	0,6170
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	0,9730
<b>OBRAS</b>	
Mínimo 100 m <sup>3</sup> /mes	
<b>Por mantemento do servizo</b>	0,6171
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	1,0921

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.- ) Outras cotas:

1. Cota de alta no servizo: 76,25 €
2. Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 135,64 €
3. Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2335€
4. Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2335 €

**TERCEIRO.-** Engadir na disposición derradeira da ordenanza , que a modificación da ordenanza reguladora da dita taxa entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021 e ata que entre en vigor a Ordenanza non fiscal, reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

**CUARTO.-**Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**QUINTO.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**SEXTO.-** Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.”

---

Informa a secretaria que en primeiro lugar, procede votar a urxencia de tratar agora dita proposición, que está sen ditaminar en comisión informativa.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este punto, que por unanimidade de todos os membros presentes, douse por motivada a urxencia e proceder a inclusión na orde do día a proposición de modificación da ordenanza, polas razóns indicadas na parte positiva.

Deseguido interveñen:

\*A Sra. Balado Conde (do PSdeG) indica que vai votar a favor.

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) manifesta:

- Que entenden que é un trámite necesario polo que van votar favorablemente.
- Que lles gustaría chamar a atención sobre o feito de que a interventora expón tamén no informe de que pasaron 12 días dende que se recibiu a comunicación da empresa concesionaria ata que o día que os servizos económicos recibiron esa información, pensa que o concello non é unha administración tan descomunal para que se tarden 12 días en pasar un documento dende o departamento de rexistro os servizos económicos, porque se se distribuira o día que chegou ou o día seguinte podería incluírse ese punto no pleno ordinario da semana pasada.
- Que entenden que é o alcalde quen ten a responsabilidade na xestión interna do Concello, cremos que algo está fallando e deberíase corrixir a vista disto.
- Que no borrador da ordenanza se fai referencia a 1 de xaneiro de 2008, entende que é a 1 de xaneiro de 2021, e pide que se corrixa para que despois non se ande facendo rectificacións.





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

\*A interventora explica, que cando se aprobe a ordenanza, xa se vai poñer que esa redacción foi modificada nesa data, tal como fixeron o ano pasado.

\*Continua a Sra. López Sobrado coa súa intervención indicando que cando se fala de que está pendente a aprobación da ordenanza non fiscal, debemos entender que hai que aprobar algunha ordenanza non fiscal e que hai algún prazo para facer iso.

\*A secretaria informa:

- Que no informe de intervención si queda claro que dende a Lei 9/2017, é necesario a aprobación dunha nova ordenanza, pero evidentemente, cuns estudos e informes que non permite que viñese hoxe para unha aprobación inicial, non ten o carácter de taxa tal e como se está prestando o servizo.

\*O Sr. Rivadulla Varela ( do PP) manifesta:

- Que fixeron unha pequena indagación de como se estaba a facer noutros concellos, de se podería haber algunha rebaixa a maiores polo tema do IPC, e non atoparon nada, algunha noticia que atoparon foi que fora de Galicia dalgún concello mais ou menos grande que de maneira temporal fan unha pequena rebaixa nesa taxa para negocios e usuarios especiais

- O outro día falouse se había unha posibilidade de reducir mais, e o alcalde comentara no Pleno que o tema de rebaixar impostos e taxas podería facer difícil dar algún servizo en condicións.

\* O alcalde responde:

- O retraso deses 12 días que indica a Sra. Lopez Sobrado, non sabe a que se pode deber, hai unha persoa en rexistro que está de vacacións e ao mellor iso foi a razón.

- Que o que acaba de dicir o concelleiro do PP, cre que se mencionou nunha comisión de seguimento que hai impostos que se poden reducir e outros que non, e iso quedara suficientemente claro.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , 3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do BNG ), o Pleno municipal **ACORDOU:**





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono: 981 50 00 00

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas coa seguinte desagregación:

Modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal (modificación do cadro de tarifas):

<b>TIPO SUMINISTRO</b>	<b>€/m<sup>3</sup></b>
<b>DOMESTICOS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 10 m <sup>3</sup> /mes	0,4747
De 11 a 15 m <sup>3</sup> /mes	0,6644
Más de 15 m <sup>3</sup> /mes	0,9198
<b>INDUSTRIAIS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 50 m <sup>3</sup> /mes	0,6170
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	0,9730
<b>OBRAS</b>	
Mínimo 100 m <sup>3</sup> /mes	
<b>Por mantemento do servizo</b>	0,6171
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	1,0921

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.- ) *Outras cotas:*

5. *Cota de alta no servizo: 76,25 €*

6. *Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 135,64 €*

7. *Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2335€*

8. *Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2335 €*

**SEGUNDO-** Engadir na disposición derradeira da ordenanza , que a modificación da ordenanza reguladora da dita taxa entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021 e ata que entre en vigor a Ordenanza non fiscal, reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

**TERCEIRO.-**Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**CUARTO.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**QUINTO.-** Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.

As 10:23 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---